

Nº 1

Sábado, 26 de maio de 2012. Revista oral de periodicidade anual, editada polo Museo Pazo de Tor (Rede Museística da Deputación de Lugo). Hora: 19 horas. Lugar: Pazo de Tor, Monforte de Lemos (Lugo). Duración aprox.: 1:30 h. Deseño gráfico e animación dixital: tatata. Coordina: Antonio Reigosa.

SUMARIO

Portada musical

A ti. Letra, música e intérprete: **Antón Valcarce** (3'50")

Arqueoloxía

O Castro de Monforte de Lemos, por **Iván Álvarez Merayo** (10')

Música

Aínda que comamos centeo. Letra, música e intérprete: **Antón Valcarce** (3'45")

Poesía (I)

Premontaña, por **Olga Novo** (5')

Música

Sacra Ribeira. Letra, música e intérprete: **Antón Valcarce** (3'50")

Novas coleccións e espazos expositivos no Museo Pazo de Tor
por M^a Rosario Fernández González (10')

Música

Antón Lobeño. Letra, música e intérprete: **Antón Valcarce** (3'25")

Poesía (II)

Intuición, por **Olga Novo** (5')

Música

Mel Courel. Letra, música e intérprete: **Antón Valcarce** (4'10")

Segredos do Pazo de Tor

A filla que aleita ao pai. Un cadro con historia, por **Antonio Reigosa** (10')

Música

Balada do fillo do crego. Letra, música e intérprete: **Antón Valcarce** (4'10")

Poesía (e III)

Poesía en Posición Fetal, por **Olga Novo** (5')

Teatro

Representación da obra "Os wachi-wachi buscan fogar", polo Obradoiro de Teatro do CEIP A Gándara. Dirixe **Eva F. Ferreira** (15')

Música

Suwing. Letra, música e intérprete: **Antón Valcarce** (3'22")

Opinión

Intervención do público (5')

Epílogo

por **Encarna Lago**, xerente da Rede Museística da Deputación de Lugo (3')

Contraportada musical

Galiza Son. Letra, música e intérprete: **Antón Valcarce** (3'10")

COLABORAN NESTE NÚMERO

Iván Álvarez Merayo.- Naceu en Pontevedra en setembro de 1971, aínda que dende hai 25 anos vive no Val de Lemos. Licenciouse en Xeografía e Historia, especialidade en Prehistoria e Arqueoloxía, pola Universidade de Santiago de Compostela en 1996, e actualmente exerce de arqueólogo profesional por toda a Comunidade Autónoma. No ano 1996 comezou como autónomo a súa actividade profesional, leva vinculado á arqueoloxía dende neno, xa que o seu pai, tamén arqueólogo, involucrouno na súa actividade dende moi pequeno. Esta práctica profesional permitiulle dirixir gran número de intervencións arqueolóxicas, dende escavacións de investigación e urxencia até a prospección arqueolóxica de máis de vinte concellos da nosa comunidade. Xunto a estes traballos de campo tamén ten publicado en varios medios os resultados dos seus traballos así como impartido varias conferencias ao respecto.

M^a del Rosario Fernández González.- Nacida en Lugo en 1968, é licenciada en Xeografía e Historia, especialidade de Museoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela, Máster en Museoloxía e Museos pola Universidade de Alcalá. Desde hai dezasete anos ocupa a praza de Técnica da Sección de Artes Decorativas e Etnografía no Museo Provincial de Lugo e na actualidade é a Responsable do Departamento de Artes Decorativas e Etnografía. Realizou a reforma museográfica do Museo Fortaleza de San Paio de Narla e foi comisaria de numerosas exposicións en Italia, Polonia ou Portugal, así como no propio centro de traballo. Publicou varios catálogos razoados sobre coleccións do MPLugo: *Aleteos, Tempora Mutantur* (xunto con Fernando Arribas Arias), *Arte Africana, Ouriveria Tradicional do Museo Provincial de Lugo...* e está a rematar o catálogo das coleccións do Museo Fortaleza de San Paio de Narla.

Eva F. Ferreira.- O Barco de Valdeorras, 1978 é directora de escena, dramaturga e docente teatral. Graduada en Arte Dramática na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia, anteriormente licenciouse en Filoloxía inglesa na Universidade de Santiago de Compostela. Como dramaturga vén de gañar o VI Premio Diario Cultural de Teatro radiofónico da Radio Galega, do que fora finalista en catro ocasións. Publicou diversas pezas breves na revista teatral Casahamlet e nos *Cadernos de Teatro* de Laiovento. Colabora con *La Voz de Galicia*, edición de Lemos, onde botou a andar o apartado de crítica teatral na temporada 2010-2011. Como docente, impartiu aulas de inglés e teatro como actividade extraescolar desde o ano 2007. Tamén en Monforte, dirixe o Obradoiro de Teatro do CEIP 'A Gándara' desde o ano 2010. Máis recentemente, coordinou un Obradoiro de Teatro de Rúa na Aula Municipal de Teatro, que culminou cunha animación e diversas actividades celebradas no Día Mundial do Teatro. Na actualidade prepara a súa primeira montaxe como directora profesional, á fronte de Demolicións Ferreira & Cía. A peza será estreada dentro do Festival Vigo en Bruto do Teatro Ensalle en xuño 2012.

Os **Wachi-Wachi buscan fogar**, está baseada nunha idea orixinal de Aurora Domínguez Fernández e os textos son creación colectiva do Obradoiro de Teatro do CEIP "A Gándara" de Monforte. **Intérpretes** (por orde alfabética): Andrea Álvarez, Antía Álvarez, Aurora

Domínguez, Víctor Domínguez, Alejandro Fernández, Óscar Fernández, Alba González, Sara Marcos, Carmen Martínez, Cecilia Quiroga, Claudia Rodríguez, María Rodríguez, Alba Rodríguez, Claudia Rodríguez, Alicia Soto, Uxia Soto e Sara Gloria Vázquez.

Sinopse: A familia Wachi-Wachi, cansa da dura vida en Wachilandia, vai na procura dun novo fogar. Na súa viaxe a través do mundo, os Wachi-Wachi vivirán numerosas aventuras até chegar ao país de Galilandia.

Olga Novo.- Nace en 1975, en Vilarmao (Pobra do Brollón). Licenciada en Filoloxía galego-portuguesa, exerceu a docencia en IES de Galicia e nas Universidades de Rennes e de Lorient. Colaborou en numerosos medios e publicacións literarias especializadas como *Unión Libre*, *Cadernos de vida e culturas*, *Moenia*, *Anuario de estudos galegos*, *Boletín Galego de Literatura* ou *Ínsula*, entre outras. Como poeta, dáse a coñecer a través de revistas como *Clave Orión*, *Ólisbos*, *Festa da palabra silenciada* ou *Dorna*. En 1996 publica o seu primeiro poemario, *A tetra sobre o sol* (Ed. Do Dragón; 2ª ed. Letras de Cal, 1999). Co seu segundo libro, *Nós nus* (Xerais, 1996), é galardoada co premio *Losada Diéguez de Creación*. En 2001 publícase o libro de artista *Magnalia* (Ed. Espiral Maior), no que colabora co tamén poeta Xoán Abeleira e a pintora Alexandra Domínguez. No ano 2004 ve a luz *A cousa vermella* (Espiral Maior) e no 2006, a obra *Monocromos*, con traducións ó castelán e en colaboración co pintor Concetto Pozzati (Galería Luis de Burgos, Madrid). No ano 2012 recibe o *Premio da Crítica Española* polo poemario *Cráter* (ed. Toxosoutos). A súa obra foi recollida en antoloxías como *La flama en el espejo* (México, 1998), *Mulher a fazer vento* (Lisboa, 1998), *Yo es otro. Autorretratos de la nueva poesía* (Madrid, 2001), *Diálogos de la lengua* (2000) o *Spain (Poetry from the Castilian, Catala, Basque and Galician languages)* (Atlanta, 2003), entre outras. Como estudiosa da literatura publicou artigos e estudos especializados sobre autoras e autores galegos como Xohana Torres, Luz Pozo Garza, Claudio Rodríguez Fer, Carmen Blanco, Avilés de Taramancos, Uxío Novoneyra, Eugenio Fdez Granell, ou foráneos como Fernando Pessoa, André Breton, Léo Ferré, etc. Ten publicado os libros *Por un vocabulario galego do sexo. A terminoloxía erótica de Claudio Rodríguez Fer* (Positivas, 1996), *O lume vital de Claudio Rodríguez Fer* (1999) e *Uxío Novoneyra. Lingua loira* (XVIII Premio Ánxel Fole, 2004).

Antón Valcarce.- Nacín no Monte Forte alá polo século pasado nunha data que non me costou moito esquecer. Da miña formación que só me lembro de que fun e expulsado de Escolapios de Monforte, Xesuítas de Ponferrada, e dun Instituto nacional; autoexpulseime logo do Conservatorio de Madrid indo parar a París. Obra discográfica: E. P. con Emi Pathé (Francia), tarde, mal e arrasto (CD), A balada do fillo do cego (CD), Rosa cruz (CD) e sacra Ribeira (Videoclip). Obras literarias: *Os milagreiros ovos de San Lázaro*, *Extraperlo a vapor*, *A Phantasma de Ramberde*, *A honra do lobo*, *1 roitiña*, *Apostasía e Dulcinea de Lemos*. Recibiu o *Centolo de Ouro*, *Primeiro Premio* e *Especial Prensa* no Festival da Canción Galega d'O Grove, 1975.



DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Cultura e Turismo

REDE MUSEÍSTICA PROVINCIAL
MUSEO PROVINCIAL DE LUGO
MUSEO SAN PAIO DE NARLA
MUSEO PROVINCIAL DO MAR
PAZO DE TOR